

XOGAMOS COAS RIMAS

- Escoitamos o conto e observamos que hai palabras que riman . Que soan igual ou moi parecido.
- Collemos unha caixa e poñemos obxectos pequenos que hai pola casa ou ben xoguetes. Nomeamos cada obxecto. Cando estemos seguros que o neno/a identifica correctamente o obxecto, temos que atopar outros obxectos da casa cujos nomes soen dun modo similar. Por exemplo : taza/pasa,tapón/colchón...


TEATRO DE SOMBRAS

- Poñemos unha sabana na parede que sirva de " pantalla de cine".
- Poñemos unha luz con unha lámpada ou foco potente.
- Mentras poñemos música (opcional), cada un (por turnos) interpretamos os movementos de un animal (galiña, paxaro, canguro etc...)
- Os demais membros da familia teñen que adiviñar de que animal se trata.



XOGAMOS COAS CORES

- Poñemos unha cadeira/ mesa enriba de outra ao revés (coas patas hacia arriba tal e como se aprecia na foto)
- Enrollamos ao redor das patas papel film transparente e a disfrutar....
- Pintamos mesturando cores e vendo a maxia que se produce ante esta situación.
- Que pasa si mesturamos negro e branco? Que galiña nos sae? De que cor?
- E si mesturamos amarelo con vermello? Ou amarelo con azul?
- Librementemente van explorando as cores e as posibilidades que hai coas mesmas.



CONTAMOS GALIÑAS

Unha vez rematado o conto, observamos que hai 10 galiñas de distintas cores. Coas galiñas e valado que poñemos a contiación, podemos facer as seguintes actividades. As galiñas podedes imprimilas, copialas e colorealas, utilizar calquer figura representando as galiñas . O fin é conseguir que haxa as 10 cores (folios de cores, coloreando eles etc.) O importante é que dispoñades de elementos manipulables nesas cores para operar e poñelos a pensar.

- En 3 anos, pedímoslles primeiro que conten as galiñas, que conten as táboas do valado e logo preguntarlles: caberán todas?
- Logo, por correspondencia término a término, poden ir colocándoas.
- A continuación, comeza o xogo. Pode ser sen que miren ou non, como queirades. Quitamos unha e preguntamos cantas faltan? Ou poñemos dúas abaixo e preguntamos cantas quedarán enriba? Así sucesivamente con distintas combinacións para descompoñer o que é un conxunto de 10 elementos.
- En 4 e 5 deberán ir anotando as distintas combinacións: 10 arriba e 0 abaixo, 5 arriba e 5 abaixo, 6 arriba e 4 abaixo, etc.

